

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Decreto de constitución dunha listaxe de contratación laboral temporal_Axente de Igualdade

ANTECEDENTES

En data de 05.06.2021 iníciase o expediente de selección de persoal 2021/E001/000007, sendo o obxecto da convocatoria a constitución dunha listaxe de contratación laboral temporal de persoal para facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local de Rianxo, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades e de trato no municipio e a erradicación da violencia de xénero. Segundo resolución de aprobación das bases de selección "As propias bases indican que a finalidade deste proceso é o acollemento aos programas da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña para a contratación deste persoal e, debido a isto, é preciso realizar o proceso coa maior celeridade posible.".

Previo informe de secretaría emitido por Inés Montero Ares e previo informe de fiscalización favorable ao respecto, en data de 01.09.2021 aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección a celebrar para a confección e aprobación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de Axentes de Igualdade

Consonte ao anterior, as contratacóns que se fagan ao abeiro da listaxe resultante deste proceso, terán por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local de Rianxo, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades e de trato no municipio e a erradicación da violencia de xénero.

A secretaria indica que, pese a non ter informado por esta funcionaria o citado proceso, e que o mesmo xa foi celebrado, considera convinte informar que a través do citado procedemento se está a seleccionar persoal para programas a día de hoxe inexistentes, polo que descoñecendo o Programa a executar, e as necesidades do mesmo, non se entende como se pode efectuar unha selección de persoal para atender á súa execución. Por outra parte, a selección e persoal preciso para a ejecución de programas de carácter temporal, ten previsión específica no artigo 10 do TREBEP para funcionarios interinos con arranxo ao cal: "*c) La ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más si lo justificara la duración del correspondiente programa.*", lembrando así mesmo que con arranxo ao establecido no artigo 22.3 da LEPG, non se xustifica a selección dun axente de igualdade como persoal laboral. Así mesmo faise advertencia das modificacións introducidas en aplicación do previsto no Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, repetidamente reproducidas en resolucións de alcaldía por esta funcionaria, aos efectos de ter en conta nas

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 389,556 exp. 2022/G003/000233

concretas contratacóns que se levan a cabo, e que deberán ser obxecto de análise específico nos correspondentes expedientes.

Pese ao anterior, considerando esta Alcaldía que o citado expediente foi aprobado no seu día, e que celebrado o correspondente procedemento procede en base ao mesmo aprobar a lista a tal fin confeccionada, de acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar a listaxe definitiva de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes proposta na acta núm. 7 do día 05/02/2022 do Tribunal constituído ao efectos de realizar as contratacóns de carácter temporal de persoal de axentes de igualdade que resulten precisas, listaxe que se reproduce de seguido de maior a menor puntuación:

| NÚM. ORDE | APELIDOS E NOME | OPOSICIÓN | CONCURSO | TOTAL |
|--------------|------------------------|-----------|----------|-------|
| 1 | MOSCONI CADILLO, ANA | 26,55 | 6,75 | 33,3 |
| 2 | PIÑEIRO RIAL, CRISTINA | 30,05 | 2 | 32,05 |
| 3 | ARÍS COUSO, ANDREA | 29,65 | 0,75 | 30,4 |

SEGUNDO

A contratación de persoal desta bolsa farase segundo o establecido nas bases de selección:

a) Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico. A aceptación da oferta efectuarase mediante chamada telefónica ao Servizo de Persoal do Concello de Rianxo, antes das 14:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. Nos supostos en que a necesidade da cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, ou fose necesaria a súa cobertura de xeito urgente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo, o chamamento poderá realizarse únicamente de forma telefónica, debendo deixar constancia da causa que a xustifica e da chamada efectuada e quen a efectúa no expediente.

b) As persoas integrantes da listaxe resultante que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a ela, pasarán ao último posto da listaxe, salvo indicación expresa de que non desexan continuar nela e coa excepción das situacóns recollidas no punto 9 destas bases. A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo

realizada pola persoa contratada suporá a perda dos seus dereitos na listaxe. Cando unha das persoas incluídas na listaxe fora chamada para ocupar o posto, poderase convocar a dita persoa até sumar un período de doce meses ao rematar o período de contratación, e nese intre pasará ao último lugar na listaxe. Rematada a contratación, a persoa interesada pasará a ocupar o mesmo posto no que estivera na listaxe.

c) Poderá solicitarse a suspensión de chamamentos, sen penalización, nos supostos recollidos no punto noveno das bases.

d) Unha vez se proceda á contratación dos aspirantes, requiriráselles para que previamente acheguen a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ao posto de traballo e presentarán declaración de non estar incuso en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas a realizar, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran. A persoa que non presente a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior ou cando se deduza que carece dalgún dos requisitos mínimos establecidos, non poderá ser contratada e será excluída da lista.

TERCEIRO

Publicar a presente resolución conforme á base 6^a reguladora do procedemento.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).